



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 7 DE XANEIRO DE 2013.

#### ASISTENTES:

##### **Alcalde-presidente**

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO( PP)

##### **Concelleiros/as**

D. M<sup>a</sup> CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ( PP)

D.<sup>a</sup> MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.<sup>a</sup> NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO ( PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.<sup>a</sup> VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ÁNXELA GONZÁLEZ CID ( BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

##### **AUSENTES :**

##### **Secretario Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

##### **Interventora de fondos**

ausente

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 12:00 horas do día 7 de xaneiro de 2013 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



### PARTE RESOLUTIVA:

#### **1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

Pola Presidencia preguntase si existe algunha obxección que facer á acta anterior. O Sr. Fírvida anuncia a abstención do BNG por non reflectir a acta as intervencións dos concelleiros, en especial as da oposición. O Sr. Valcárcel, afirma que neste caso, opinan o mesmo, e que vanse abster.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do PP e as abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE, o seguinte acordo: **“Aprobación da acta da sesión do 05/11/2012”.**

#### **2.- APROBACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 2012.**

Dáse conta da cifra subministrada por estadística.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) entende que en Barbadás fallan as políticas de empadramento, e pregunta se se está realizando algún tipo de actuación, se está prevista algunha campaña para fomentar o empadramento, e se se realiza algún tipo de control nesta materia.

Pola Presidencia respóndese que a campaña máis importante é a da discriminación positiva que se fai cos empadroados en materia de prestación de servizos, e que se esixe como requisito para acceder aos mesmos este empadramento.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“Aprobación do padrón municipal de habitantes a un de xaneiro de 2012, coa cifra de 10.064 habitantes”**

#### **3.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE D. DAVID LÓPEZ LÓPEZ**

Explícase pola Presidencia a inexistencia de obstáculos legais a este informe favorable, tal e como se desprende do informe de Secretaría Xeral.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade, o seguinte acordo:

**“Informe favorable do Pleno do Concello de Barbadás, á solicitude de compatibilidade realizada por D. David López López”**



### **4.- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR UN LOCAL MUNICIPAL PARA OS CURSOS PREPARTO**

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG) procede á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nos Centros de Saúde das principais localidades da provincia é habitual que se realicen cursos de preparación para o parto para as mulleres en estado de xestación. Estes cursos compaxinan unha parte teórica cunha práctica de preparación para o parto. Semella lóxico que a parte máis importante ten que estar ligada ás clases prácticas de preparación ao parto.

No Centro de Saúde da Valenzá estanse impartindo clases preparatorias ao parto para mulleres do concello. O realmente sorprendente é que por falta de espazo as mulleres asistentes non poden recibir clases prácticas, limitándose o curso á impartición de coñecementos teóricos.

O Concello de Barbadás cunha poboación real superior ás 11.000 persoas, non conta a día de hoxe cun novo centro de saúde que dea a cobertura sanitaria que esta poboación precisa, a pesar de estar prometido polo goberno do PP e anunciado en multitude de ocasións.

Desde o inicio desta lexislatura, o grupo de goberno do PP ten un concelleiro liberado a media xornada, polo que cobra 1.200 € ao mes, coa teórica finalidade de adicarse a xestionar os servizos sociais. Este concelleiro ten como principal misión a de abrir e pechar o local social de Piñor.

No BNG entendemos que un concelleiro de servizos sociais debe servir para algo máis que para abrir e pechar portas nun local social dunha parroquia. Se esta persoa estivese atento ao que acontece no concello cos servizos sociais e sanitarios, sabería o que está a acontecer no centro de saúde da Valenzá.

Pola contra, desde o BNG entendemos que esta situación kafkiana non debe repetirse, e mentras non se constrúa o novo centro de saúde, o concello debería poñer a disposición dos responsábeis do centro de saúde un local onde se poidan impartir as clases preparatorias ao parto, tanto teóricas como prácticas, con comodidade.

Por todo o exposto, os/a concelleiros/a do BNG de Barbadás solicitamos ao Pleno do Concello de Barbadás que se aprobe o seguinte:

#### **ACORDO**

Que o concello de Barbadás se poña en contacto coa matrona do Centro de Saúde da Valenzá para por á súa disposición un local acaído para que se poidan impartir clases preparatorias ao parto ás mulleres



do noso concello que o precisen.

Sinala a voceira, que non e de estrañar esta situación, no contexto xeral da sanidade en Barbadás. Non temos centro de saúde, e o que existe, está nuns locais que antes eran un almacén de patacas. Destaca como o grupo de goberno ten mirado para outro lado continuamente nesta materia, e noutras, destacando a carencia de políticas de muller no noso Concello, en detrimento da calidade de vida e a dignidade das mesmas. Mentres a poboación medra. O Sr. Freire obvia as mulleres e as políticas de muller.

O asunto que se presenta, e a falta dun local adecuado para os 11.000 habitantes que de feito viven hoxe no municipio, e, aínda que temos espazos, estes non reúnen as condicións para que sexan axeitados, polo que haberá que buscar un para que as mulleres poidan ter estes cursos preparto en condicións de comodidade, con espacio para poder ser acompañadas polos seus acompañantes, con sitio para cambiarse...

Solicita por tanto que se miren as posibilidades de ofrecer un sitio axeitado para esta actividade, mentres non temos o novo centro de saúde.

D<sup>a</sup> María Presas (PSdeG- PSOE), sinala que o espacio actual queda pequeno, e os acompañantes non poden estar nel. Non entende por que a matrona non acepta a Casa de Cultura como lugar ofertado polo Concello, e suxire que se podería contratar a algún profesional que quixese dar estas clases.

Pola Presidencia respóndese que a matrona quere ter un médico ao lado por se xorde algunha incidencia, e dende o Concello, agora o que pretende ofertar é o Centro de Saúde de Barbadás, que xa se destinou antes para ese fin, mentres non exista o novo centro na Valenzá.

D<sup>a</sup> Ánxela González (BNG), sinala que nesta situación existen responsables políticos, e que o BNG acepta esa oferta do Concello de maneira transitoria, sempre que se poña o Sr. alcalde unha primeira liña reivindicativa respecto á nosa sanidade, e sempre que se oferten todas as posibilidades para cubrir as necesidades adxacentes.

D<sup>a</sup> María Presas (PSdeG-PSOE) pregunta como se vai facer coas mulleres que asisten o curso para desprazarse.

Pola Presidencia respóndese que nesas condicións non van a votar a favor da moción, porque o Concello non pode poñer unha liña de autobús para que acudan ao Centro de Saúde de Barbadás, e ademais iso sería discriminatorio, porque de feito, as mulleres que non residen na Valenzá, desprázanse elas á Valenzá polos seus propios medios.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG- PSOE, e



os votos en contra do PP, o seguinte acordo: *“Rexeitamento da moción presentada polo BNG sobre un local municipal para os cursos parto”*

### **5.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS APROBACIÓN DO ACORDO SOBRE AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN**

O Sr. Fírvida ( BNG) procede á defensa da seguinte moción :

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pón diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e personas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.

As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscritas polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransixente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.



O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas legislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:

Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantindo o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.

Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.

Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.

Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.

Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.

Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.

### **2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:**

Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.

#### **3. Instar á Xunta de Galiza á**

- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.
- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.

4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:



- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministrados básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.
- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posibles desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.
- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posible e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.

Instar á Alcaldía a apoiar a recollida de sinaturas que faga posible a discusión parlamentaria dunha reforma da lei a través da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) “Proposición de lei de regulación da dación en pago, de paralización dos desafiuzamentos e o alugueiro social” co fin de regular a dación en pago con efectos retroactivos, unha moratoria inmediata dos desafiuzamentos e a reconversión das hipotecas en alugueiro social como medidas de mínimos destinadas a garantir o dereito á vivenda das persoas afectadas por execucións hipotecarias.

Sinala o voceiro que estamos a vivir unha situación de drama humano e que afecta ó noso Concello onde os habitantes son xente traballadora dunha clase media ou media baixa, que quedan sen vivenda por non poder pagar as hipotecas concedidas alegremente polos bancos no seu día, e que este drama estase vivindo co beneplácito do PP e do PSOE, que agora se xuntan para calar a esquerda española e modifican un artigo da lei hipotecaria onde so se recollen casos excepcionais, con unha ambigüidade e unha ampla capacidade de decisión dos bancos.

A Sra. Morenza (PSdeG-PSOE) sinala que dende o Concello si que se poden facer cousas, como un plan de personalización dos impostos municipais para esta situacións de emerxencia, ou un plan de axudas sociais, ou un imposto de plusvalía reducido etc... Pide ó Sr. alcalde que se pronuncie sobre si respecto á plusvalía a excepción feita xa nun caso vaise estender ó resto dos casos similares.

Pola Presidencia respóndese que está de acordo coa moción, pero con matices. Nós, non podemos garantir que o Concello poida atender a todos os casos si se produce un incremento desmesurado deles, pero de momento, estanse atendendo dende os servizos sociais a todos os solicitantes deste tipo de axudas para emerxencias.





O Sr. Fírvida (BNG) solicita a creación dunha comisión de estudio deste tema; poderíase traballar coas empresas concesionarias de auga e lixo para que non cobren estes servizos en casos de emerxencia social, e tamén se podería falar coas entidades bancarias e forzalas, baixo a ameaza de retirada das contas do concello...

A Sra. Morenza pregunta si existe un plan especial de servizos sociais para estes casos, o que lle responde a Presidencia que estanse atendendo todos os casos dende os servizos sociais municipais.

Sen mais, sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**1-Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:**

**Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantindo o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.**

**Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.**

**Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.**

**Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.**

**Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.**

**Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.**

**2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:**

**Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.**

**3. Instar á Xunta de Galiza á**

- Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.**
- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o**





aluguer social ou venda a prezo taxado.

4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:

- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministros básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.
- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.
- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.

Instar á Alcaldía a apoiar a recollida de sinaturas que faga posíbel a discusión parlamentaria dunha reforma da lei a través da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) “Proposición de lei de regulación da dación en pago, de paralización dos desafiuzamentos e o alugueiro social” co fin de regular a dación en pago con efectos retroactivos, unha moratoria inmediata dos desafiuzamentos e a reconversión das hipotecas en alugueiro social como medidas de mínimos destinadas a garantir o dereito á vivenda das persoas afectadas por execucións hipotecarias.”

### **6- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE REALICE UNHA REFORMA INTEGRAL DAS RÚAS TOMÁS RODRÍGUEZ PUNXÍN E GARRIDA**

Polo Sr. Valcárcel (PSdeG- PSOE), procedese á defensa da seguinte moción:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

As carencias en infraestruturas básicas é sumamente preocupante en varias zonas do Concello de Barbadás. Isto débese fundamentalmente a que durante anos se practicou un urbanismo agresivo e desordenado, derivado da especulación e da ausencia dun planeamento axeitado.

No Grupo Socialista imos a seguir facendo unha política de oposición construtiva pero desde logo



tamén contundente, denunciando sempre que faga falla todas aquelas deficiencias que estean sen subsanar ata acadar unha solución definitiva e satisfactoria para a veciñanza.

Unha das zonas máis emblemáticas da Valenzá é toda a contorna das Rúas Tomás Rodríguez Punxín e Garrida, na parte inferior.

Estamos a falar dunha zona moi transitada polos peóns entre os que destacan os/as alumnos/as do Colexio Filomena Dato. Boa parte dos cativos e cativas de todo o concello utilizan día tras día estas vías públicas tendo ambas un tráfico de vehículos moi intenso e polas que ademais circulan ó longo das xornadas lectivas todos os buses de transporte escolar.

Os Socialistas somos conscientes de que se trata de viais que teñen que ser merecentes dunha especial sensibilidade por parte dos gobernantes do PP.

Para o Grupo Municipal Socialista resulta evidente que todas as dificultades que padece a veciñanza da contorna e, por suposto, todos os demais transeúntes, provocan que a falla de seguridade viaria sexa unha constante cotiá.

O PSdeG presentou unha moción hai xa 4 anos e medio que relatava polo miúdo todas as graves deficiencias que afectan a esta zona e que a día de hoxe persisten na súa totalidade.

Pero a situación vese agravada co transcurso do tempo polo que temos que denunciar que unha das beirarrúas da Rúa Garrida está sufrindo un continuo e intenso deterioro que se pode percibir de xeito máis evidente á altura do ximnasio.

A causa que provoca estos danos non é outra que a ocupación da beirarrúa polos vehículos que a utilizan para aparcar.

O estado de descoido no que se atopa esta beirarrúa convírtese en lamentable cando se observa a existencia dun transformador con enchufes que están ó alcance de persoas tan vulvenables como son os cativos e cativas que por ela transitan a cotío.

Finalmente chegamos a un esceario absolutamente terceiromundista: no centro da calzada da Rúa Severo Ochoa pódese observar un boquete de perto un metro de longo por máis de 30 ctms de ancho sinalizado cuns cartóns. Este oco pode causar problemas importantes á circulación rodada e ir a máis no caso de que o Concello no leve a cabo unha intervención inmediata.

Tamén no entronque do vial antes citado coa zona de nova apertura e debido a unha deficiente construción, hai frecuentes rozamentos nos fondos dos vehículos.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO:**



Rúa Tomás Rodríguez Punxín

Dotar todo vial de beirarrúas, tanto na marxe dereita como na esquerda.

Proceder ó arranxo das deficiencias que hai nos beiriles e no pavimento das beirarrúas xa existentes.

Subsanar a fenda ubicada na beirarrúa da marxe esquerda.

Colocación de colectores para a recollida de vidro e papel.

Instalar papeleras.

Rúa Garrida

Retirada do transformador.

Mellora da beirarrúa esquerda.

Colocación de mecanismos disuasorios que impidan que os vehículos invadan e ocupen as zonas destinadas ós peóns.

Rúa Severo Ochoa

Cubrir o buraco existente no medio da calzada.

Subsanar as deficiencias no entronque entre este vial e a ampliación de nova apertura.

Continúa o voceiro sinalando que xa fai 5 anos presentamos unha moción semellante e non se nos deu resposta. Fai mención a unha nota de prensa onde o Sr. Alcalde di que xa falárono do tema en varias ocasións e el pregunta que cando. A continuación relata as carencias en infraestruturas básicas:

Ausencia de beirarrúas no lateral esquerdo desde o número 25. No mesmo lateral á altura da academia Formación Laboral a beirarrúa está sen rematar.

A poucos metros dun establecemento tan frecuentado polos cativos e cativas como é o Peixe Peixe, repentinamente desaparece a beirarrúa, existindo un desnivel de preto de un metro de altura que, para máis INRI, está sen sinalizar e que en calquera momento pode causar algún percance grave. É urxente e imprescindible instalar algún elemento de protección tipo baranda mentres non se solventa esta grave anomalía.

Na mesma marxe esquerda tamén está instalado un banco que ocupa máis da metade da beirarrúa, dificultando de xeito ostensible a mobilidade dos peóns pero sobre todo do alumnado do Colexio Filomena Dato.

E seguindo con este lateral da rúa, temos que dicir que os beirís case non existen xa que están ó mesmo nivel o que a calzada.

Se deambulamos pola marxe dereita tamén nos atopamos con que non existe beirarrúa entre os



números 14 e 22. O mesmo ocorre na intersección coa Rúa Garrida onde hai unha construción inacabada desde hai tempo.

Sr. Freire, existe un manual editado polo Goberno de España titulado “La movilidad segura de los colectivos máis vulnerables. La protección de peóns e ciclistas en el ámbito urbano.”

Este documento é unha guía que marca pautas e estratexias sobre a seguridade viaria. Cito textualmente este documento do Ministerio do Interior:

*“ As beirarrúas e zonas peonís deben ter unhas características físicas que permitan á veciñanza desprazarse a pé ou en cadeira de rodas de xeito seguro e relaxado. Unhas beirarrúas estreitas ou en mal estado, se ademais a sinalización é defectuosa ou inexistente, crea unha sensación de inseguridade e aumenta a vulnerabilidade de estes colectivos fronte ós vehículos a motor”.*

Por outra banda, a ubicación dos pasos de peóns e alongamentos das beirarrúas na calzada teñen que contemplar os itinerarios naturais da cidadanía, xa que se desprazan habitualmente tendo en conta os percorridos máis prácticos e curtos.

Un tema especialmente relevante é a seguridade dos cativos, xente maior e persoas con mobilidade reducida, colectivos máis vulnerables que teñen que percibir a existencia de itinerarios polos que desprazarse de xeito seguro, sobre todo nos puntos de interacción cos vehículos a motor”

Todo o contrario do que ocorre na Rúa Rodríguez Punxín. A situación deste viaria tiña que pór colorados ó Sr. Freire e os sucesivos concelleiros e concelleiras de obras do Concello de Barbadás.

Estamos a falar dun entorno no que todo o que indica o manual do Ministerio do Interior e incumprido sistematicamente.

¡Eu sinto vergonza allea! Pero claro o Sr. Freire non frequenta esta rúa.

¡Estas carencias que hai na Valenzá non saen nos idílicos spots televisivos!

Para rematar coa Rúa Tomás Rodríguez Punxín dicir que tamén se atopa nunha situación de abandono absoluto no que atinxe á limpeza urbana: tan só hai unha papeleira en todo o seu percorrido, hai un único colector de papel e ningún de vidro.

D. Serafin Núñez (BNG), sinala que o seu grupo, a principios do ano 2012 xa defendeu unha moción de similar contido relativa a esta rúa, e que foi aprobada por unanimidade, presentamos ducias de sinaturas da veciñanza pero vemos que non se fixo nada, e non creemos que se vaia facer nada no 2013 porque no orzamento non temos previstos cartos para obras. Colocouse un redutor de velocidade no alto da rúa pero no medio e no final, que é cando os vehículos collen mais velocidade, non se



colocaron. Considera que se debería facer un planeamento de novo e recoller todas estas previsións. Nas rúas Garrida, As Burgas, Outeiro,...xa solicitáramos melloras por os esbaradizos...

Estamos de acordo coa moción pero no referente a colocación de mecanismos disuasorios, nós pensamos que, si se sinaliza suficientemente e con control de Policía , debería evitarse a colocación excesiva de bolardos. Dizer que na rúa Severo Ochoa si é real o fondo do entronque con desnivel. Os canalóns de pluviais verten directamente nas beirarúas e logo atúen os rexistros..

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) acepta a enmenda proposta polo BNG sobre evitación de mecanismos como bolardos o outros similares.

Pola Presidencia afirmábase que se toma nota das suxestións da oposición, e que se subsanarán os defectos en función das dispoñibilidades orzamentarias e da nosa planificación de traballo.

O voceiro socialista sinala que neste Concello non se ten un plan de obras e o Alcalde en catro anos non fixo nada, aínda que fai eses anos se supón que había certa dispoñibilidade económica. Vostede utiliza a demagogia, e logo non vai facer nada, e pasase polo forro as inxedanzas da veciñanza.

D. Serafín Núñez (BNG) sinala que o alcalde esta a dar respostas tipo, e remata a súa intervención solicitando o arranxo dunha arqueta de rexistro para as pluviais na Rúa Tomás Rodríguez Punxín fronte o nº 5.

Sen mais sometese o asunto a votación resultando , cos votos a favor do PS de G- PSOE e do BNG , e os votos en contra do PP , o seguinte acordo : **“Rexeitamento da moción presentada polo PS de G-PSOE sobre reforma integral na Rúa Tomás Rodríguez Punxín”**

### **7- MOCIÓN DO BNG PARA A MODIFICACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE BARBADÁS 2013**

Polo Sr. Fírvida procédese á defensa da seguinte moción

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Pleno do Concello de Barbadás aprobou inicialmente no mes de novembro os orzamentos do concello para o ano 2013 cos votos a favor do PP e en contra de toda a oposición (BNG e PSOE).

Para o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego os orzamentos do concello presentados polo grupo de goberno do PP non responden ás necesidades da cidadanía de Barbadás, non son os axeitados para un momento de crise económica como a actual e non axudan en nada a paliar as graves carencias de dotacións públicas existentes na actualidade no noso concello.



No BNG entendemos que as grandes infraestruturas dotacionais públicas (instituto, piscina cuberta, polideportivo, centro de saúde, cemiterio, centro de día,...) non poden ser xestionadas e financiadas unicamente polo concello, porque moitas delas non corresponden a competencias municipais e porque a administración local co actual reparto de financiamento público existente non ten recursos suficientes para acometer esas obras.

Polo tanto corresponde ao grupo de goberno acadar a financiación axeitada en negociación con outras administracións e posibilitar, facilitar e axilizar a realización das obras, algo que non acontece en case todos os casos (por exemplo ao non poñer terreos a disposición da Xunta de Galiza para a construción do instituto).

Mais no BNG tamén entendemos que coas contas municipais para o ano 2013 poderíanse acometer proxectos e programas máis sociais, atendendo á cidadanía e non só mirando cara o clientelismo político propio do PP en Barbadás.

Por todo o comentado, o BNG de Barbadás presenta unha serie de propostas de modificacións dos orzamentos do concello de 2013 que para os/as nacionalistas mellorarían a situación da poboación do concello, en función dos propios recursos con que este conta. As propostas de modificación dos orzamentos son as seguintes:

### **Partidas de gastos que se reducen.**

Negociación coas empresas prestadoras de servizos en réxime de concesión: recollida do lixo, abastecemento e saneamento da auga.

Páganse 205.000 € por servizos prestados por outras empresas polo servizo da auga e 210.000 € pola recollida do lixo (ademais da contrata das empresas). Reducir este gasto nun 50 % con políticas de aforro, mellora dos servizos, reciclaxe, concienciación cidadá, redución de consumos, negociación coas empresas, mellora na xestión dos servizos. **AFORRO DE 100.000 €**

Tendo en conta os sucesivos e graves incumplimentos na prestación destes servizos, o goberno municipal podería impor multas ou sancións e renegociar as condicións económicas das contratas derivado da nova situación económica (os recortes para o PP só os deben sufrir os cidadáns, mais nunca as empresas, que intereses están a defender?).

Gasto de 380.000 €/ano pola recollida do lixo á empresa concesionaria. **AFORRO DE 100.000 €**

Adicacións ao grupo de goberno actual 108.000 €. Unha adicación total e 4 de media xornada (4 horas/día).

Redución do 30% dos salarios.



Quedarían cun neto ao mes de arredor de 700 € pola media xornada (4 horas ao día) e de 1500 € pola xornada enteira.

Eliminación de dúas adicacións parciais ou dunha adicación parcial e pasar a adicación total a media xornada. Concentración de competencias en materia de educación, cultura e xuventude, e as de servizos sociais coa de obras públicas. **66.000 € menos**

Asociación Música e Cultura de Galicia **500 €**. Non é do noso concello.

AAVV A Valenzá 500 €. **Aforro de 1.000 €**. Cando realice actividades, se legalice e presenteprograma de actividades pódese reconsiderar unha modificación.

**Gastos protocolarios 6.000 € menos.**

**Publicidade 15.000 € menos.**

Servizo de recadación de impostos e taxas delegado na Deputación de Ourense, **110.000 € menos** (xestión directa no propio concello).

Recuperar a xestión de cobro de AQUAGEST (380.000 €) ao 5%: **19000 €**.

Subvención Unión Deportiva Barbadás 10.000 € (este ano 19.000 € máis que o ano pasado, 30.000 €).

**Aforro de 20.000 €**

**TOTAL AFORRO: 437.500 €**

### **Partidas de gastos a incrementar.**

Investimentos previstos para o 2013 practicamente cero. Aumentar os investimentos en **224.500 €** para acondicionamento dos terreos do instituto, melloras na eficiencia enerxética, infraestructuras de medio ambiente, parques, xardíns, estradas e camiños,...

Subvención para actividades extraescolares: **10.000 €** (desapareceron este ano).

AAVV As Lamas **500 € máis** (como o resto das AAVV do concello).

A Valenzá, **500 € máis** (como as AAVV).

TOTAL DE GASTOS A INCREMENTAR: 235.500

**DIFERENCIA GASTOS A REDUCIR – GASTOS A AUMENTAR = 437.500 – 235.500 = 202.000 €**

### **Partidas de ingresos a reducir.**

Taxas, prezos públicos aumentan en 56.000 €. Que se manteñan os do ano 2012, **56.000 menos**. (taxas escolares, actividades culturais, musicais, deportivas, gardería infantil).

Imposto do IBI: Se reducimos o tipo impositivo do 0,5 % actual ao 0,4 % conseguiríamos unha rebaixa do 20%, **246.000 € de ingresos menos**.





### Partidas de ingresos a aumentar.

Taxa por ocupación de dominio público aos bancos: **100.000 €**

**DIFERENCIA INGRESOS A REDUCIR – INGRESOS A AUMENTAR = 302.000 - 100.000 = - 202.000 €**

**REDUCCIÓN DE GASTOS – REDUCCIÓN DE INGRESOS = 202.000 – 202.000 = 0**

Por todo o exposto, os/a concelleiros/a do BNG de Barbadás solicitamos ao Pleno do Concello de Barbadás que se aprobe o seguinte:

### ACORDO

O Pleno do Concello de Barbadás aproba as modificacións presentadas polo grupo municipal do BNG de Barbadás.

Continúa o voceiro sinalando que son conscientes de que o Concello non ten medios para construír certas infraestruturas por si só, coma o Centro de saúde, ou unha piscina climatizada, pero hai que negociar e pedirlle á Xunta e ao Goberno Central e logo facilitarlles os terreos e axilizar as xestións. Por exemplo o Instituto non se facía porque non había terreos, anuncios na prensa o logo non se fai porque o propio Concello non fixo os deberes. Pero parece que neste Concello só se poñen dificultades. Nesta moción pedimos que se modifique o orzamento e pedímolo dunha forma que pode facerse en 24 horas xa que lles dicimos de onde hai que sacar e onde hai que investir. Presentamos a posibilidade de negociar coas concesionarias que están a incumprir os pregos de condicións; propoñemos unhas medidas de aforro por exemplo na recollida do lixo ou nas adicacións dos concelleiros, propoñemos a redución dunha adicación parcial con concentración de competencias e tamén recollemos outras medidas coma as de aforro en publicidade ou no custo de servizo de recadación que podería ser asumido por funcionarios municipais aínda que se tivese que contratar algún técnico. O resto de medidas xa veñen especificadas na propia moción.

O Sr. Valcárcel (PSdeG-PSOE) sinala que temos un orzamento sen credibilidade que non estimula a economía municipal. O noso grupo sintoniza coa negociación con empresas externas; aposta pola reciclaxe, compostaxe e concienciación cidadá, fronte ao lixo, pero atopámonos cunha negativa profunda por parte do grupo de goberno, parece que só se trata de incrementar impostos e de recadar máis.

Tamén compartimos o tema das adicacións defendido polo BNG, e a discriminación entre asociacións que á hora de obter subvencións só se fomentan os colectivos afíns. Respecto ás asociacións adicadas



ao deporte a finalidade a de ser a de fomentar o deporte de base e non o lucimento político. Finalmente apostamos pola recuperación da xestión dos impostos.

Pola presidencia respóndese que isto non son máis que declaracións de intencións. Temos un orzamento recentemente aprobado e houbo un prazo para facer alegacións.

Polo Sr., Fírvida respóndese que isto é unha moción que se podería aprobar, porque as modificacións fanse o longo do ano, e se non a aproban é porque non lles interesa.

O Sr. Valcárcel lembra coma o grupo de goberno fai modificacións de créditos todos os anos e por esta vía podería modificarse o orzamento actualmente aprobado.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando, cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE e os votos en contra do PP o seguinte acordo: **“Rexeitamento da Moción presentada polo BNG para a modificación dos orzamentos do Concello de Barbadás do ano 2013”**

### 8- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA MELLORA INTEGRAL DOS PARQUES INFANTÍS DO MUNICIPIO

D.<sup>a</sup> Victoria Morenza presenta a defensa da seguinte moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Barbadás é un municipio onde na **pirámide poboacional** ten un forte peso a poboación infantil e xuvenil. As cifras falan por si soas porque dos máis de 10.000 habitantes que ten o municipio, en torno ó **20 % son habitantes menores de 18 anos**. Esta estatística obriga a prestar por parte dos gobernantes unha atención moi especial ás zonas de xogo infantil.

Dende o PSdeG consideramos que **é necesario un maior seguemento do estado no que se atopan estas zonas de esparcemento infantil** ó longo e ó ancho do concello. A situación é moi diferente en función de se o parque se atopa na vila da Valenzá ou se nos imos desprazando pola zona rural. **Evidénciase** deste xeito unha clara **discriminación** entre as dotacións con que contan os cativos en Parada, Piñor, Sobrado ou Loiro e os que acuden a calquera dos 13 parques que hai na **Valenzá**.

Esta **diferenciación** obedece a unha política do PP en materia de parques infantís errada, posto que se están ofrecendo espazos de esparcemento e lecer a cativos da zona urbana, mentras que o **contorno rural** tense que conformar con **parques diminutos** e con **pouca variedade de elementos de xogo**.

Non é admisible que pobos coma **Sobrado** ou **Piñor** vivan a cotío escenas de cativos e cativas agardando á cola para poder xogar. Esta imaxe resulta grotesca. Unha solución sería artellar dende o



gobierno do PP un sistema de expedición de número para facilitar o tránsito coma cando os adultos imos facer a compra. Pero o máis sinxelo e o máis lóxico é buscar unha solución ampliando estas zonas de xogo para poder instalar máis elementos.

Hai que ter en conta que a **lexislación** sobre normas de seguridade nos parques infantís de 2003 especifica que “deben ter unhas **dimensións adecuadas ós menores** ós que estean destinados, favorecendo o seu desenvolvemento evolutivo e potenciando a súa psicomotricidade, os procesos de socialización, integración e respecto hacia o medio ambiente”.

E poñemos o exemplo destes dous pobos porque son os que **concentran un maior número de nenos e nenas menores de 10 anos**, idades para as que están pensadas os parques infantís. Ambas as dúas localidades coinciden na cifra de **48 cativos nesta franxa de idade**.

É **inxusto** tamén que en lugares onde hai cativos menores de 3 anos non se instale un bambán con cestiño para facilitar o acceso destes nenos ás zonas de xogo, así como a súa integración. Favoreceríase o proceso de socialización e potenciaríase a psicomotricidade.

Esta proposta ten o ánimo contrutivo de mellorar as condicións dos parques infantís e áreas de xogo para a infancia. Para ter unha visión global, imos facer un **repasso polas zonas de xogo que hai no concello de Barbadás**:

En **Santa Uxía** non hai nin un triste elemento de xogo infantil. Evidencia a discriminación hacia este pobo non só en materia de mobilidade, recollida de residuos e atención en xeral.

En **Loiro** non hai bambán con cestiño e precisa que a zona de xogo sexa valada.

En **Bentraces** o parque situado na rúa das Besadas precisa da colación dun valado ó redor do areeiro para evitar a entrada de animais domésticos e tamén é necesario un bambán con cestiño. Outro dos parques infantís ou neste caso xuvenil, na **zona do Barreiro**, está obsoleto, pois os elementos de xogo son de ferro. Hai que lembrar que a normativa daba un prazo de **5 anos** para adecuar os parques infantís á lexislación.

En **Sobrado**, onde a poboación menor de 18 anos é de 85 persoas, resulta abraiante que só haxa 1 parque. O balancín non está en condicións para xogar con seguridade e sería convinte o bambán con cestiño.

**Barbadás**. O pobo no que está censado o alcalde ten nada máis e nada menos que 4 parques infantís. Sen embargo, só 1, o que está preto da casa consistorial está en condicións (falta, con todo, bambán con cestiño). O que está na estrada de Celanova é un verdadeiro perigo non só pola cercanía ó vial, senón porque ó final da zona de deslizamento do tobogán hai un banco de pedra con aristas afiadas. O



**parque do Regueiro** é minúsculo e aínda así decidiron colocar no seu interior un banco; ademais o estado de abandono é evidente coa presenza de silveiras.

Na **Finca Fierro** o acceso ó parque segue sen ser habilitado (segue a existir unha barreira arquitectónica continua e non hain in sendeiro para entrar), a pesar das sucesivas peticións neste sentido do Partido Socialista. Prodúcese a incongruencia de ter colocado un bambán na zona correspondente ó parque biosaudable e falta 1 elemento de xogo (está o oco despois de retiralo e non foi repostado).

En **Parada** só hai 1 parque. Non acabamos de comprender porque un dos pobos máis poblados do concello, con preto de 400 habitantes, os cativos e cativas só dispoñen dunha única zona de xogo. Por suposto, **a imaxe habitual é agardar cola para poder divertirse e xogar**.

En **Piñor**, segunda localidade en importancia do concello, con 87 nenos menores de 18, non ten nin un só bambán con cestiño. Dos **3 parques** que existen, o do **Campo de Roma** é o único que se atopa nunhas condicións razoables. Sen embargo, ten múltiples carencias: non está suficientemente dimensionado nin aproveitado e non ten un valado de seguridade para evitar a entrada de animais. É necesario ampliálo e instalar máis elementos de xogo. O parque situado **ó carón da igrexa** necesita unha maior atención e mantemento periódico debido a que ó medrar a herba faise inaccesible. A zona infantil da **Aira** precisa ser delimitada con un valado, así como instalar algunha peza de xogo máis.

Este é un resumo da situación dos parques no medio rural. **O estado dos parques infantís da Valenzá é lixeiramente superior, pero tamén existen carencias** e cuestións que poden ser melloradas:

No **parque do tren** sería convinte instalar un bambán con cestiño debido a que é un dos máis concorridos da zona. Enfronte hai outro espazo de esparcemento infantil no que falta unha peza nun dos elementos de xogo que o fan inutilizable.

Ó **carón do muíño** faltan caucho na zona de xogo e moitos barrotes de madeira do cercado, unha carencia que pon en perigo a seguridade da zona.

Nos **Patos** o parque caracterízase pola falla de protección ó redor. Isto provoca que esta zona non estea o suficientemente protexida ante a entrada de animais. O aconsellable sería instalar caucho e un valado. Hai tamén tres cabalos rotos e as agarradeiras dun balancín tamén estropeadas.

A zona de xogo das **Searas** é tamén unha das máis visitadas. Con todo, precisa dunha profunda remodelación. Hai que ter en conta que hai moito espazo a disposición dos cativos e debería aproveitarse instalando elementos novos, coma un tren, unha caseta ou un bambán con cestiño. O



actual arco de xogo está obsoleto e a presenza de pedras incrustadas no chan fan perigosa a súa utilización. É preciso tamén tapar a focha que hai no medio do parque pola inseguridade que pode serrar. Outra actuación necesaria no lugar é **habilitar unha porta na parte traseira do parque** debido á pesima imaxe da varanda despois das obras na zona circundante.

O abandono caracteriza ó parque que está por **debaixo do das Searas** e a ausencia de mantemento fan que a imaxe desta zona sexa dunha evidente degradación. Hai moito espazo e debería aproveitarse, pero se non se revitaliza o lugar coma zona de xogo nin se realizan as labores de mantemento precisas, a solución sería clausuralo.

Na urbanización das **Burgas** o espazo é tan reducido que resulta aconsellable unha ampliación.

Un dos parques máis grandes da Valenzá é o situado preto da **casa de cultura**. O elemento central de xogo foise degradando e estivo durante días ó dispor dos nenos e nenas co conseguinte risco de accidentes. É preciso rendabilizar este espazo colocando máis elemento de xogo e subsanar as deficiencias existentes: o balancín grande está roto e hai puntas ó redor da zona e na marxe interior do mesmo, co perigo que eso supón para as crianzas. A necesidade de incrementar a vixilancia e intensificar o mantemento son notorias (lixo acumulado nas esquinas).

O parque **Bahamonde** continúa na mesma situación cá cando o Grupo Socialista propuxo unha serie de melloras hai uns meses.

Ante a **falta dunha actuación continuada de mantemento e revisión dos parques infantís de Barbadás**, o PSdeG fai unha proposta de mellora integral de tódalas zonas de esparcemento infantil que existen no municipio.

Por todo o anteriormente exposto, proponho ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Acometer unha **revisión exhaustiva** dos parques infantís do concello de Barbadás.

**Subsanar as deficiencias e substituír os elementos de xogo en mal estado** debido á perigosidade que nalgúns casos pode supor para a seguridade dos cativos.

**Intensificar as labores de mantemento** en tódolos parques dun xeito máis habitual debido ó estado de abandono que presentan.

Proceder, en suma, a unha actuación de mellora integral dos parques infantís do concello.

Instalación de valados de protección.

Colocación de bambás con cestiño na zona rural.

Estudar a posibilidade de ampliar e reformar algúns parques que na actualidade están



saturados(Sobrado, Parada, Piñor).

Habilitar unha zona de xogo infantil en pobos onde non hai este tipo de espazos como **Santa Uxía**.

Continúa a voceira sinalando que se trata de eliminar a discriminación entre veciños dos distintos pobos aos efectos do disfrute do ocio infantil, pide a existencia de máis elementos de xogos e máis adecuados e dun maior coidado e seguimento do estado dos parques, destaca que en moitos deles existen silveiras e defecacións de animais e en xeral non se cumpren as leis, coma no relativo a ter rótulos cos teléfonos de urxencias ou co teléfono do servizo de mantemento para a pronta reparación de elementos avariados durante semanas e con perigo. Andalucía e Galicia teñen unha lexislación propia nesta materia por exemplo sinalando que os menores de 3 anos teñen que estar acompañados por maiores pero aquí non fai falta porque non hai zonas de xogo para menores de 3 anos.

A continuación procede á lectura dos acordos da moción.

A Sr. Ánxela González (BNG) afirma que o seu grupo leva xa varias lexislaturas incidindo no arranxo dos parques, na anterior o BNG presentou unha no que solicitaba a eliminación dos ferros avariados e adaptación á normativa da Unión Europea; tamén se solicitou a colocación de cauchos, o limpado e drenaxe dos areiros, e denunciouse a existencia no parque da Solaina de cabichas e cristais en xeral, evidenciando unha situación de negligencia e abandono do PP.

Pola alcaldía respóndese que a oposición se contradí din que non hai parques e din que temos 30 parques no Concello....

Respecto ao contido da moción tómase nota para resolver as deficiencias como se está a facer ata o de agora, pero votaremos en contra porque o grupo de goberno ten o seu propio plan de traballo.

A Sra Ánxela González (BNG) solicita a eliminación de barreiras arquitectónicas e a colocación de columpios para nenos con diversidade funcional.

Sen mais sométese o asunto a votación resultando cos votos a favor do BNG e PSOE e cos votos en contra do PP, o seguinte acordo: **“Rexeitamento da moción presentada polo PSdeG-PSOE para a mellora integral dos parques infantís do municipio”**

### **9- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE SE INCREMENTE A SEGURIDADE VIARIA E SE ACTUALICE A SINALIZACIÓN NA FINCA FIERRO**

D.<sup>a</sup> María Presas procede á lectura da seguinte moción:



Dende o Grupo Municipal Socialista de Barbadás consideramos fundamental que se leve a cabo canto antes polos técnicos municipais unha revisión de tódolos pasos de peóns das distintas rúas da Finca Fierro porque a maioría non respectan as normas sobre barreiras arquitectónicas.

O paso de peóns que está xunto ó parque infantil está invadido practicamente na súa totalidade polo quitamedos da marxe dereita da calzada, polo que se fai complicado o seu paso e imposible facelo en cadeira de rodas.

É de resaltar que de tódolos pasos de peóns, a meirande parte están en malas condicións de seguridade, pois ou carecen de rebaixes por un ou ambos lados, ou ditos rebaixes non están axeitados para o paso de carriños de bebés, cadeiras de rodas, persoas maiores ou con mobilidade reducida.

Así, atopamos na rúa Valdomiño, por exemplo, que os dous pasos de peóns que están á altura dos números 15 e 43 non teñen rebaixe por ningún dos seus accesos. Máis grave aínda é o caso do paso que está ó carón da residencia de anciáns, pois o rebaixe é escaso e moi irregular. Máis exemplos deste tipo atopámoslos na rúa Milladoiro, onde todos os pasos de peóns carecen de rebaixes ou, no seu defecto, non abarcan a totalidade do paso.

Respecto á circulación dos vehículos, o Grupo Municipal Socialista considera que é oportuno, sempre que os técnicos así o consideren, que na rúa Valdomiño se instalasen pasos de peóns elevados para reducir así a velocidade dos vehículos que circulan por este vial, pois hai que sinalar que é unha estrada con moita afluencia de tráfico. Do mesmo xeito pensamos que se debería estudar a posibilidade de cambiar os badéns que está no camiño da Edra; e nesta mesma rúa pensamos que é necesario o pintado dun paso para mellorar a seguridade dos peóns, pois nunha das marxes da estrada non hai beirarrúa e faise imprescindible cruzar a calzada.

Respecto á sinalización, os socialistas de Barbadás consideramos necesario levar a cabo un actualización das sinais verticais debido o mal estado no que se atopan e que utilizan un modelo estético e indicativo obsoletos, pomos como exemplo a que advirte da “prohibición de vehículos de máis de 3t” que está na rúa Valdomiño, ou tamén os sinais de STOP que están en varias interseccións. Por último, dende o PSdeG consideramos necesaria a colocación dun espello para facilitar a incorporación á estrada de Piñor dende a rúa lateral da residencia de anciáns, así como un ceda o paso ou un stop según se considere na intersección da rúa do Tangaraño co camiño da Edra.

Por todo o anteriormente exposto, propono ó Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

Levar a cabo unha actuación integral para facilitar o paso de peóns, carriños de bebé e persoas con





mobilidade reducida en practicamente tódolos pasos de peóns da Finca Fierro.

Instalación de pasos de peóns elevados na rúa Valdomiño debido á perigosidade tanto para peóns como para vehículos que circulan ou transitan pola zona.

Actualizar a sinalización vertical na zona e estudar a posibilidade de habilitar sinais horizontais nas interseccións dalgunhas rúas, así como colocar espellos cóncavos para facilitar as incorporacións de vehículos.

Actualización das sinais verticais que están en mal estado de conservación.

Que se instale o espello na incorporación á Estrada de Piñor e un sinal de ceda o paso ou stop na intersección da rúa do Tangaraño co camiño da Edra.

O Sr. Serafín Núñez (BNG) manifesta que o seu grupo está de acordo coa filosofía da moción socialista.

A continuación procede á lectura parcial dunha orde do Ministerio de Fomento para as estradas de titularidade estatal, que conteñen unhas técnicas para a redución de velocidade que entendemos que poden servir de punto de referencia para as nosas, como pode ser os “lomos de asnos” nas transversais.

Entende o voceiro que os badenes son ilegais, xa que danan os coches polos baixos e entende tamén que os redutores de velocidade que foron colocados no noso Concello ou ben se arranxaron ou ben se retiraron.

O BNG propón unha enmenda á moción socialista consistente en dous puntos, o primeiro é a retirada dos redutores de velocidade de formigón que están colocados entre a Finca Fierro e Maquinor, e substituílas por uns de caucho ou outros. O segundo punto da enmenda consiste en esixir que todas estas actuacións vaian precedidas de informes técnicos.

O Sr. Alcalde respóndelle que aceptan a moción pero na zona que nos atinxe a Barbadás.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:

**Levar a cabo unha actuación integral para facilitar o paso de peóns, carriños de bebé e persoas con mobilidade reducida en practicamente tódolos pasos de peóns da Finca Fierro.**

**Instalación de pasos de peóns elevados na rúa Valdomiño debido ao perigo tanto para peóns como para vehículos que circulan ou transitan pola zona.**

**Actualizar a sinalización vertical na zona e estudar a posibilidade de habilitar sinais horizontais nas interseccións dalgunhas rúas, así como colocar espellos cóncavos para facilitar as**



### incorporacións de vehículos.

Actualización das sinais verticais que están en mal estado de conservación.

Que se instale o espello na incorporación á Estrada de Piñor e un sinal de ceda o paso ou stop na intersección da rúa do Tangaraño co camiño da Edra.

### PARTE DE CONTROL

#### 10.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

A Corporación queda enterada das resolucións ditadas dende a sesión anterior

#### 11- DACIÓN DE CONTA DA RENUNCIA Á PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO POR PARTE DOS CONCELLEIROS CON ADICACIÓNS

Pola Presidencia procédese a explicar este acto de renuncia unilateral por parte dos concelleiros con adicacións e sinala que esta cantidade se adicará a fins sociais.

A Sra. Ánxela González (BNG) sinala que lle parece ben esta medida de cosmética política pero o que se debería de facer era pagarlle á extra aos funcionarios coma se fixo en moitos Concellos gobernados polo BNG, adoptando unha medida de insumisión fronte á norma estatal.

Sen máis a Corporación queda enterada da renuncia á paga extraordinaria de decembro por parte dos concelleiros con adicacións.

#### 12- ROGOS E PREGUNTAS

##### ROGOS VICTORIA MORENZA

Relativo á necesidade de marquesiñas no centro urbano de Parada:

- que se instalen en Parada as 2 marquesiñas que o goberno de Freire se comprometeu a colocar ante a veciñanza
- Que este elementos sexan dunha calidade aceptable e acorde cos tempos, ó igual que as marquesiñas que se teñen instalado nos últimos tempos en diferentes puntos do concello
- Que se atenda a petición veciñal dun xeito prioritario e urxente por tratarse dunha demanda



que ven de hai xa 8 meses

– que se retire o amasillo de latón que se tentou endosar a un dos pobos do concello máis discriminados non que a mobilidade no transporte escolar e de viaxeiros se refire

Pola alcaldía respóndese que esas marquesiñas están en máis pobos que en ese e que agora imos a solicitar un novo grupo de 3 marquesiñas á Deputación e serán as que sexan , pero agora hai que pagalas.

- Que se habiliten 2 pasos de peóns elevados en Piñor: un deles no cruce de San Bieito coa estrada de Toén na marxe dereita para facilitar o tránsito en condicións de seguridade dos escolares e dos usuarios do autobús regular. O outro paso elevado pode ser instalado no comezo da zona da Peza, para facer máis seguro o cruzamento de persoas e de propiciar que os condutores que veñen entran no pobo reduzan a velocidade.
- Na Valenzá, en concreto na baixada do colexio Filomena Dato é preciso levar a cabo labores de mantemento dun xeito periódico, pois podemos atoparnos árbores caídas, silveiras con proliferación de animais salvaxes (culebras, ratas) a cotío. Tamén e precisa unha actuación de mellora na protección da seguridade de viandantes instalando un valado de protección na zona e unha varanda no carreiro que baixa.
- En Barbadás: que se arranxe a varanda de ferro que leva meses deteriorada nas inmediacións da glorieta, en Cimadevila.
- En Bentraces rogamos que se proceda á reposición do taboleiro de anuncios situado ó carón do novo centro social debido ó estado de deterioro no que se atopa, pois ten mesmo restos de cristais que poden ser perigosos.
- En Piñor rogamos que se estude a posibilidade de mellorar a seguridade dos usuarios do parque e da zona deportiva do Campo de Roma, instalando medidas de redución da velocidade e sinais que indique que hai poboación infantil na zona.
- En Parada: habilitar un paso de peóns nas inmediacións do cruce entre a estrada de Toén e o que vai cara o pobo de Parada para facilitar o cruzamento dos peóns que transitan pola beirarrúa e teñen que facer estas manobra con unha absoluta falla de seguridade viaria.
- En Parada: na estrada que sobe ó pobo, preto da fonte do cruce principal, instar á Deputación a arranxar unha avaría na tubaxe da rede que leva varias semanas rebordando sobre a calzada



### **ROGOS XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA**

Solicita información sobre a operación de tesourería asinada esta mañá.

### **ROGOS XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL**

Solicita que o Sr. Alcalde governe o Pleno .

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:15 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO